


MEMORIA

Oficina de I+D
Ano 2023



A Oficina de I+D da Universidade de Vigo ten como misión levar a cabo labores de transferencia das capacidades e resultados de I+D+i á contorna socioeconómica, destinados ao persoal investigador (PI), empresas e outras entidades externas.

Funcións

- Promoción das relacións coa contorna produtiva para actividades de I+D+i.
- Apoio na preparación de propostas en convocatorias de proxectos colaborativos de I+D+i, así como en iniciativas de "innovación aberta".
- Asesoramento e elaboración de contratos de I+D+i.
- Valorización e Transferencia de Resultados de Investigación.
- Protección e xestión de dereitos de propiedade industrial/intelectual (IPR).
- Preparación de acordos de explotación e transferencia de resultados de I+D+i: acordos de licenza, acordos de transferencia de material, acordos de confidencialidade, entre outros.
- Axuda na preparación de propostas para programas de maduración de resultados ou proba de concepto. Acompañamento e xestión durante toda a vida do proxecto.
- Asesoramento e acompañamento nas iniciativas de spin-off xurdidas dos resultados de I+D. Xestión dos procedementos de autorización e participación da universidade. Elaboración dos pactos de socios e acordo de transferencia.
- Actuacións de promoción das capacidades de I+D+i, mercadotecnia e comercialización de resultados. Asistencia a eventos, feiras, xornadas sectoriais en representación da universidade.
- Estruturación da oferta de capacidades de I+D+i. Encontros con grupos de I+D+i. Elaboración de catálogos de oferta de I+D+i e de material promocional.



A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 9, e en particular, coa meta 9.5 que busca aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais e co ODS 17, e en particular, coa meta 17.7 que busca promover o desenvolvemento de tecnoloxías ecolóxicamente racionais e a súa transferencia.

0 2023

DUNHA OLLADA

Actividade contratada

622

Proxectos de I+D

7.468.494 €

Ingresos por proxectos de I+D

I+D colaborativa

6

Proxectos aprobados

1.291.549 €

Fondos captados en axudas públicas

Proxectos de maduración

2

Proxectos IGNICIA aprobados

890.000 €

Financiación IGNICIA acadada

Difusión da transferencia

2

Formación impartida

2

Catálogos sectoriais publicados

8

Participación en eventos

Protección e explotación do coñecemento

14

Patentes solicitadas

269

Patentes activas

54

Patentes en explotación

2

Softwares rexistrados

4

Licenzas concedidas

Empresas Baseadas no Coñecemento

7

Spin-offs titorizadas

2

Spin-offs constituídas



Parte do cadro laboral da Oficina de I+D, con dúas representantes da Universidade de Elbasan.

A OFICINA DE I+D

A Oficina de I+D ten a responsabilidade de promover a chamada terceira misión da Universidade, que se define como o compromiso da Universidade de xerar valor a partir do coñecemento, transformando os seus resultados de investigación en solucións para a sociedade.

Para logralo, interactúa coas empresas e os centros de investigación e propicia a explotación dos resultados no noso persoal investigador, consolidando iniciativas emprendedoras baseadas na I+D+i e contribuindo á xeración de riqueza e benestar.

Fundada en 1991, pouco despois da constitución da Universidade, a Oficina de I+D acumula máis de 30 anos de experiencia á hora de promover a transferencia do coñecemento da UVigo á sociedade.

Recursos humanos

Para dar servizo aos máis dun milleiro de investigadores e investigadoras de todas as áreas de coñecemento nos tres campos da UVigo, a Oficina conta cun equipo humano de oito persoas: sete persoas de perfil técnico e unha de apoio administrativo. Entre as primeiras, tres contan co certificado internacional RTTP, que as acredita como profesionais da transferencia de recoñecido prestixio e traxectoria.

Por último un dos postos técnicos da Oficina está localizado en Ourense, para ofertar un mellor servizo ao persoal investigador e as súas estruturas, como o Campus Auga.

ACTIVIDADE DE I+D+I CONTRATADA

A través da Oficina de I+D canalízase a actividade que o persoal investigador da UVigo realiza por encargo dos distintos axentes da contorna socioeconómica: empresas, fundacións, asociacións, entes públicos...


Dentro desta actividade contratada distinguiremos entre contratos de investigación, informes e cursos de especialización. En conxunto, todos os traballos realizados polo persoal investigador da UVigo supuxeron uns ingresos de 7.481.466 €.

Contratos de investigación

No ano 2023 asináronse 82 contratos con terceiras partes, por un importe total de 5.882.069€.

Informes

Ao longo do pasado ano elaboráronse un total de 523 informes, que supuxeron uns ingresos totais de 1.544.605€.



I+D
Contratada

Cursos

Finalmente, en 2023 leváronse a cabo 15 cursos de especialización, por un importe de 54.792€.



I+D+i

COLABORATIVA

Cada vez é máis frecuente o desenvolvemento de actividade de I+D+i en colaboración cos axentes do sistema de innovación, en especial coas empresas. As entidades que participan nestes proxectos involucran os seus recursos, comparten riscos e obxectivos e distribúen a propiedade dos resultados.

Convocatorias colaborativas

Durante o ano 2023, a Oficina de I+D proporcionou asesoramento e axuda técnica a 23 proxectos de I+D colaborativa entre grupos da Universidade de Vigo e outros axentes do tecido social e empresarial, para a súa participación en seis convocatorias de axudas públicas: TransMisiones, Fábrica Intelixente, Grupos Operativos do Ministerio de Agricultura, Grupos Operativos FEADER-AGACAL, Fundación Biodiversidad e Cátedras CHIP.

Do mesmo xeito, ao longo de 2023, resolvéronse favorablemente seis subvencións a proxectos colaborativos nos que participaba ou lideraba a UVigo. Entre todos estes proxectos, a Universidade conseguiu, no ano 2023, financiamento para a I+D+i colaborativa por un total de 1.291.549 €.

Ademais, durante o ano 2023 comezaron a presentarse solicitudes para o programa PADIH, de apoio á dixitalización nas pequenas e medianas empresas, que suporá unha nova fonte de financiación para os grupos da UVigo que traballan con tecnoloxías dixitais disruptivas a partir do 2024, mediante prestacións de servizos a PEMES.





VALORIZACIÓN

Un dos piares da misión da transferencia na Universidade de Vigo é a xestión e valorización dos resultados de investigador do Persoal Investigador.

A valorización é o proceso de creación de valor social e económico a partir do coñecemento xerado na nosa universidade mediante a transformación de datos, coñecementos técnicos e resultados obtidos grazas á investigación en produtos, servizos, solucións e políticas baseadas no coñecemento que sexan sustentables e beneficien á sociedade, implicando aos diferentes axentes do ecosistema de I+D+i.

Na Oficina de I+D o enfoque é múltiple: en primeiro lugar, proporciónase a asistencia necesaria para que o persoal investigador poida protexer os froitos da súa investigación mediante patentes, modelos de utilidade, rexistros de software, marcas ou know-how, entre outros.

A estratexia de protección pode ser moi relevante á hora de achegar os resultados ao mercado, xa sexa por medio de licencias, ou mesmo grazas á creación de empresas baseadas no coñecemento (EBC) por parte do propio persoal investigador.

En todos os pasos que levan do resultado á súa aplicación, o persoal investigador da Universidade de Vigo pode contar coa asistencia e apoio técnico do persoal da Oficina de I+D.

PROTECCIÓN DE RESULTADOS



A fase de protección é o primeiro paso que recorren os resultados de investigación do persoal da Universidade de Vigo no camiño da transferencia. Nela reconécese o valor das investigacións con potencial de impactar positivamente na sociedade e utilízanse as ferramentas necesarias para garantir os dereitos intelectuais e industrias das mesmas.

Patentes

As patentes son o mecanismo máis común para reconecer tanto a autoría como a titularidade dos dereitos de invención e abrir o seu camiño á explotación. No ano 2023, solicitáronse na UVigo 14 patentes. Ao tempo, nesta anualidade concedéronse 19, das cales 3 teñen un ámbito de protección nacional, e 16 son internacionais. A finais do 2023, a carteira de patentes activas na UVigo ascendía a 223 nacionais e 44 internacionais.

Outras modalidades de protección

Ademais das patentes, a Oficina de I+D promove outras formas de protección, que se adaptan a diferentes tipoloxías de resultados de investigación, que son especialmente apropiadas para as tecnoloxías dixitais. Así, durante o pasado ano levaronse a cabo dúas tramitacións de rexistro de software.

MADURACIÓN DE RESULTADOS

Na última convocatoria do programa Ignicia da Xunta de Galicia, dous novos proxectos da UVigo conseguiron acceder á financiación coa axuda da Oficina de I+D, logrando un importe conxunto de 890.000 euros.

Trátase de edgeContinuum, un proxecto de implantación de servizos 5G por medio do paradigma EdgeComputing, e MytUniSex, que avanza na produción e comercialización de liñas de mexillón unisex de interese comercial para os sectores acuícola e conserveiro.

Estes proxectos parten dun TRL4 e continuarán o seu camiño para converterse en spin-offs, co apoio continuo da Oficina de I+D en todo o proceso.

Ademais, en 2023 presentouse á convocatoria CaixaImpulse Consolidate un proxecto (CELIA), que acadou a fase final pero finalmente non foi financiado.

Estas cifras de 2023 súmanse ás acadadas nos últimos anos captándose en total 5,4 millóns de euros en convocatorias públicas de proba de concepto, o que revertiu en 26 proxectos financiados (9 en IGNICIA e 17 probas de concepto do Ministerio).





EXPLOTACIÓN DE RESULTADOS

Dentro da actividade cotiá de apoio á transferencia de coñecemento, en 2023 asináronse catro novos contratos de licenza. Estas novas incorporacións fan que a cantidade total de lizenzas activas a finais do ano pasado chegue a 52.

A Universidade de Vigo ingresou por regalías de lizenzas en 2023 a cantidade de 89.005 €.

Ademais, asináronse un total de 9 acordos de confidencialidade (NDA) e un de transferencia de material (MTA).



EMPRESAS BASEADAS NO COÑECEMENTO

Spin-offs

As spin-offs son empresas que se constitúen por iniciativa dos membros da comunidade investigadora e que explotan os coñecementos e as tecnoloxías xeradas nos traballos de investigación realizados na propia universidade. As spin-offs universitarias basean a súa actividade de forma maioritaria en tecnoloxías emerxentes, avanzadas e innovadoras, xerando valor e emprego de alta cualificación.

Ao longo do ano 2023, a Oficina de I+D acompañou no proceso de creación de dúas novas spin-offs, participando activamente en reunións informativas, e aconsellando ao persoal investigador sobre os pasos a seguir no seu novo camiño empresarial.

Estas novas empresas de base tecnolóxica son Insectnova e Spectrumgrid. A primeira delas parte dunha investigación na cría de insectos destinados a produción de fariñas ricas en proteínas para o seu uso posterior en diferentes industrias alimentarias. Pola súa parte, Spectrumgrid ofrece solucións de trazabilidade material para a industria do textil.

Proxectos titorizados

Durante o ano 2023 titorizáronse en conxunto 7 iniciativas empresariais promovidas por membros da comunidade da UVigo. Para cada iniciativa, a labor realízase ao cabo de varios anos, e é indispensable á hora de animar ao persoal investigador a dar o salto a proxectos de gran valor e impacto social como son as Empresas Baseadas no Coñecemento.





PROMOCIÓN

Ademais do apoio constante á comunidade investigadora na promoción de proxectos colaborativos, contratos de I+D+i, e creación de empresas baseadas no coñecemento, unha das labores fundamentais da Oficina de I+D ten que ver coa promoción social das capacidades en investigación da Universidade, para conseguir que a contorna social e económica a vexa como un socio estratéxico que pode axudar a acadar retos de innovación.

Esta actividade promocional realízase en varias fronte: mediante a participación en feiras sectoriais, en reunións con empresas e asociacións, ou coa creación e difusión de material que recolla as capacidades dos grupos de investigación.

Por outra banda, para fomentar a cultura de innovación, a Oficina de I+D recibe formación e imparte cursos especializados, ademais de participar en redes profesionais a nivel estatal e europeo, que lle permite estar na brecha como profesionais.

XORNADAS E EVENTOS

Como representantes da misión transferencia dentro da Universidade de Vigo, á Oficina de I+D acolle ou participa nunha diversidade de eventos.

Organización

Durante o pasado ano 2023, a Oficina de I+D colaborou na organización das estancias de dúas delegacións que visitaron a Universidade de Vigo. En outubro tivo lugar o encontro coa delegación do Centro de Enxeñaría Xenética e Biotecnoloxía de Cuba (CIGB), e a finais de ano, e dentro do programa HEI4Future, a Oficina contou coa presenza de dúas delegadas da sección de transferencia da Universidade de Elbasan.

Participación

Ao longo do ano 2023, o persoal da Oficina de I+D representou á Universidade de Vigo en diferentes feiras e eventos sectoriais. Entre eles destacan:

- Foro Transfiere
- Conferencia anual de RedOTRI
- Foro IGNICIA 2023
- Xornada "Invertir en Ciencia sí es rentable"
- Evento de presentación do proxecto EDIH Datalife
- Biospain 2023.
- Xornada "Emprendemento con perspectiva de Xénero"
- Encontro de Asociados RedTransfer



Representantes da Oficina de I+D e CINBIO nas xornadas Biospain 2023

CURSOS



Tras máis de tres décadas de labor, a Oficina de I+D da Universidade de Vigo foi acumulando un apreciable caudal de experiencia técnica, que pón a disposición da comunidade universitaria e dos profesionais da transferencia. Ao tempo, o propio persoal tamén participa en cursos e talleres de formación para adaptarse ás novas demandas do ecosistema.

Cursos impartidos

- Explotación de resultados de I+D e tecnoloxías para persoal investigador (organiza RedTransfer).
- Curso para persoal de xestión e promoción da I+D, transferencia e innovación (organiza e imparte Oficina de I+D).

Cursos recibidos

A formación continua é unha necesidade para que o noso persoal poida manterse ao día neste mundo cambiante, prolixo e diverso da transferencia de coñecemento.

Así, todo o persoal participa de forma habitual en distintas formacións, tanto online como presenciais, convocadas polos axentes do sector, tanto públicos coma privados.

En 2023, os cursos nos que tomou parte algunha das persoas que traballan na Oficina de I+D foron os seguintes:

- DINA ITC: La construcción de relaciones entre las organizaciones de I+D y el resto de los actores del sistema español de innovación.
- DINA ITC: La comunicación como instrumento del Intercambio y la Transferencia del Conocimiento (ITC).
- RedTransfer/Xunta de Galicia: Curso-Taller de preparación de proyectos para programas de Prueba de Concepto.

PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS

HEI4Future

Este proxecto, financiado polo programa EIT Urban Mobility da Unión Europea, e liderado polo profesor Pablo Cabanelas, ten por obxectivo propoñer un novo modelo de Innovación Aberta no campo da educación, para así avanzar na sostibilidade de sectores como a mobilidade, a saúde e a alimentación, e a produción industrial.

Dentro del, o persoal da Oficina de I+D participou en dous encontros que, baixo o título de "Deseñando a Universidade do futuro", tratan de definir os retos aos que se enfrenta a institución nos vindeiros anos.

De forma complementaria, a Oficina participou no acollemento de dúas profesionais da Universidade de Elbasan, de Albania, ao tempo que prepara as visitas do persoal propio aos centros do Politécnico de Milan e o University College of Northern Denmark.

Tamén se levou a cabo un curso con varios módulos de xestión da transferencia, dirixido tanto ao persoal específico que traballa na xestión da investigación, como a persoal investigador interesado neste campo, e se elaborou un catálogo sectorial destinado a visibilizar os servizos que oferta a Universidade no eido da mobilidade.

DATAlife

O DIH DATAlife, que acadou financiación da Comisión Europea no programa DIGITAL, ten por obxectivo acelerar a transformación dixital de pemes dos sectores saúde, forestal, agro-mar e alimentación, e biotecnoloxía.

A Universidade de Vigo é socia neste proxecto europeo, e, dentro del, a Oficina de I+D participa activamente nas actividades relacionadas coa promoción e a búsqueda de capacidades de colaboración entre os grupos de investigación da Universidade e as empresas que demandan servizos innovadores.



PUBLICACIONES



Catálogos sectoriais

A Oficina de I+D elaborou ó longo do ano 2023 dous novos catálogos sectoriais da oferta de capacidades de I+D+i dos grupos de investigación da universidade: o do sector agroalimentario, e o de mobilidade, este último como parte do proxecto HEI4Future. Estes catálogos únense aos que se actualizaron o ano pasado, correspondetes aos sectores de Biotecnoloxía, TIC, Ciencias Sociais e Humanidades.

Os catálogos atópanse dispoñibles en tres idiomas (castelán, inglés e galego) no apartado de “Transferencia do coñecemento > Oferta de innovación” da páxina web da Universidade, ao cal se pode acceder a través da seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/investigar/transferencia-conecemento/oferta-innovacion>.

Universidade de Vigo



Boletín Universidade Empresa

Marzo 2024

Neste mes destacamos o grande potencial nas colaboracións entre Universidade e empresa en materia de deporte, e damos a coñecer un novo proxecto con gran capacidade de transferencia no eido forestal.

Novas

[Investigadores da UVigo desenvolven un modelo co que diversificar o aproveitamento dos montes galegos](#)



Boletín Universidade - Empresa

Como parte da súa labor de promoción da actividade de transferencia, tando dende os grupos de investigación como dende a propia oficina, cada mes se publica un boletín de I+D dirixido a unha lista de correo de máis de 1.000 empresas galegas.

Neste ano 2023, o boletín experimentou un cambio de deseño, co obxectivo de lograr unha maior claridade e atractivo nos contidos, acompañados por elementos multimedia.

PARTICIPACIÓN EN REDES E ASOCIACIONES PROFESIONAIS

Co propósito de actualizar constantemente os seus coñecementos sobre transferencia, e como forma de manterse en contacto coas oficinas que desenvolven a mesma misión noutras Universidades e centros de investigacións, a Oficina de I+D está integrada en diversas redes e asociacións profesionais de persoal de transferencia.

RedTransfer

Asociación constituída en 2013, coa misión de fortalecer o impacto da investigación na sociedade e na economía a través da profesionalización e a promoción do Intercambio e a Transferencia de Coñecemento (ITC) e xestión da innovación (<https://www.redtransfer.org/>). Participa en diversos proxectos/actividades de transferencia, ademais de contar cun plan de formación propio.

A Oficina de I+D participou no "X Encuentro Redtransfer", que se celebrou en Barcelona os días 11 e 12 de maio.

RedOTRI

A Rede de Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación das universidades españolas é un grupo de traballo da Comisión Sectorial de I+D+i da CRUE, cuxa misión é "promover e difundir o papel das universidades como elementos esenciais dentro do sistema nacional de innovación" (<http://www.redotriuniversidades.net/>).

Como membros desta rede, o persoal da Oficina de I+D asistiu os días 15, 16 e 17 de febreiro en Málaga ás Xornadas Técnicas RedOTRI 2023, nas que se abordaron temas como a evolución do modelo de transferencia das universidades, a profesionalización do persoal técnico, a relación entre protección e spin-offs ou o emprendemento con perspectiva de xénero, ademais de participar nos distintos grupos de traballo específicos.

ASTP (Association of European SciTech Transfer Professionals)

Organización europea sen ánimo de lucro comprometida coa transferencia de coñecemento entre as universidades e a industria. Fundada en 2000 co obxectivo de proporcionar formación e práctica de calidade que apoiem os intereses especiais dos membros, defender a profesión no escenario internacional e permitir a creación de redes profesionais (<https://www.astp4kt.eu/>). Conta cun plan de formación e unha conferencia anual.

A Oficina de I+D é, dende hai anos, membro asociado de ASTP, a principal asociación europea de profesionais de transferencia de coñecemento, o que a converte nun órgano profesional acreditado a nivel internacional en transferencia.



PREMIOS

Como recoñecemento á actividade constante na súa promoción, representación e defensa da misión Transferencia, Ángeles López Lozano, directora técnica da Oficina de I+D da Universidade de Vigo, recibiu en Madrid o premio IPFest á traxectoria profesional.

Un galardón que busca recoñecer distintas actuacións de transferencia en diversos sectores, centros de investigación e universidades españolas e, neste caso, recaeu -cun 90% dos votos emitidos- na figura da cabeza visible da Oficina de I+D.

“O vindeiro mes de xaneiro cumprirei 33 anos na Oficina de I+D da Universidade de Vigo. Fun a primeira en entrar, despois chegou a responsabilidade e, máis tarde, a dirección”, explicaba a premiada, quen, entre outros moitos méritos, foi a primeira persoa en Galicia acreditada como Profesional da Transferencia –RTTP, Registered Technology Transfer Professional- pola alianza internacional ATTP, unha entidade formada por 14 asociacións nacionais e internacionais de profesionais da transferencia de coñecemento presente en 60 países que ten por misión promover e manter uns estándares globais na profesión da transferencia de I+D.

DE